



AUTORIZACIÓNS CURSO 2023/24

Eu, D/D^a _____, con DNI
_____, en calidade de pai/nai ou titor/a legal (rodee o que
proceda) do alumno/a _____ matriculado/a neste
centro en ____ curso de _____.

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

Ao meu fillo/a a participar nas actividades e/ou saídas que figuran na PXA, así como noutras que poidan xurdir ao longo do curso dentro do Concello de A Coruña.

Notas

As saídas non incluídas na PXA que sexan fóra do concello da Coruña deberán autorizarse de forma individual.

Todas as saídas e actividades que teñan lugar fóra do centro serán comunicadas ás familias con antelación. As que impliquen cobro de diñeiro comunicaranse con máis tempo.

AUTORIZACIÓN PARA USO DE IMAXE PÚBLICA DO ALUMNADO

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

O tratamento da imaxe do meu fillo/a en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas na páxina web ou blogues do centro, na revista escolar e en medios de comunicación durante o presente curso escolar.

Así mesmo, autorizo o tratamento da imaxe en contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube, redes sociais, ou servizos de mensaxería, e autorizo a posible transferencia internacional de datos, derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores.



AUTORIZACIÓN PARA GRAVACIÓN DE VOZ

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

A realización de gravacións de voz do meu fillo/a no marco das actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas durante o presente curso escolar.

Así mesmo, a emisión destas gravacións pola megafonía do centro, en contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube, redes sociais, servizos de mensaxería ou medios de comunicación.

COMUNICACIÓN DE INFORMACIÓN ONLINE E ABALAR MÓBIL

Por medio do presente infórmaseme de que se me comunicará calquera tipo de información do centro de xeito exclusivamente online por AbalarMóbil, deixando de recibir circulares en formato papel, salvo aquelas que precisen asinar unha autorización.

RECOÑECIMIENTO DO DEREITO DE REVOGACIÓN

Coa sinatura deste documento recoñezo ter sido informado/a de que podo revogar calquera destas autorizacións en calquera momento a través dunha comunicación por escrito dirixida á titora ou secretaria do centro.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do/a pai/nai ou titor/a legal

NOTA LEGAL

Estas autorizacións solicítanse para o cumprimento da normativa legal vixente, en concreto, a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (autorizacións sobre de imaxe, gravación de voz), o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e a Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (autorización para saídas do centro de ensino).